

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002581	IES Alfredo Brañas	Carballo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Carballo.

Os grupos seleccionados de 3º ESO, están compostos por 57 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 15 anos. Hai varios alumnos con NEE, nomeadamente discapacidade intelectual, dislexia, TDAH, TEA. Se inclúen catro alumnos do grupo de Diversificación Curricular.

A formación científica debe ter en conta diversos aspectos. En primeiro lugar, que as ciencias experimentais, como a física e a química, teñen como obxectivo intentar explicar a realidade natural que as sociedades modernas presentan. En segundo lugar, as ciencias experimentais non son exclusivamente un conxunto de coñecementos: conceptos, leis e teorías (saber ciencia) senón que tamén debe incluír estratexias, técnicas e habilidades de investigación relacionadas coa resolución de problemas. Se se quere formar cientificamente ao alumnado é preciso que aprenda todo o conxunto do saber. Xa que a resolución de problemas supón o desenvolvemento de contidos de tipo procedemental, tales como deseño e desenvolvemento experimental e elaboración de informes científicos.

A investigación científica consiste nun proceso de indagación sobre algún aspecto da realidade. Debido a súa complexidade, os problemas deben ser identificados, presentados e analizados adecuadamente, para poder determinar que variables son relevantes e formular unha hipótese que poda ser contrastada. Por tanto, os alumnos e alumnas deben aprender a deseñar, planificar e realizar pequenas actividades de investigación. Avaliar os resultados da dita experimentación e deducir conclusións adecuadas, modificando o camiño seguido se é preciso, todo iso baixo as normas básicas de laboratorio. Por outro lado, a comunidade científica emprega unha linguaxe específica na súa tarefa para elaborar cadernos de traballos, informes, artigos, comunicacións, etc. Aprender a traballar coma un científico supón coñecer esta linguaxe, que é o vehículo de comunicación entre eles e o resto da sociedade, para expoñer e debater as ideas científicas e os avances tecnolóxicos. Polo tanto, o coñecemento e a comprensión desta linguaxe é tamén parte do proceso de ensinanza e aprendizaxe desta materia.

Esta materia debe ter un enfoque procedemental, sen esquecer que non se pode ensinar e aprender os procedementos sen conceptos e actitudes. Polo que trataremos de introducir ó alumnado na experimentación básica dun laboratorio e reforzando ca mesma contidos básicos que se ensinan noutras materias como na de Física e Química

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cómo se traballa no laboratorio?	Explicaranse as etapas na realización dun proxecto. Cada grupo realizará unha investigación sobre as normas básicas de seguridade e traballo no laboratorio.	20	10	X		
2	Qué técnicas experimentais básicas usan os científicos no laboratorio? Aprendemos a realízalas en equipo.	Cada grupo fará e presentará un traballo de investigación para a realización dun experimento sinxelo coa aplicación das técnicas experimentais aprendidas	45	15	X	X	
3	Cómo separamos os componentes dunha mestura?	Cada grupo realizará a separación dos compoñentes dunha mestura problema proporcionada polo profesor.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cómo se traballa no laboratorio?	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do traballo no laboratorio	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia prevista		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos e competencias axeitados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias xurdidas		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	presentar o proxecto realizado		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar a linguaxe verbal con corrección e claridade		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal axeitada		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos axeitados como apoio na presentación do proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> </ul>

### Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Qué técnicas experimentais básicas usan os científicos no laboratorio? Aprendemos a realizalas en equipo.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da realización axeitada das técnicas experimentais básicas	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e determinar os materiais e reactivos necesarios para a realización do proxecto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Seleccionar a información necesaria		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar as actuacións necesarias para a execución do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propoñer solucións as incidencias que poidan xurdir		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal correcta e clara		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal axeitada		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencias as emocións positivas na exposición		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar os recursos axeitados como apoio na presentación do proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Cómo separamos os componentes dunha mestura?	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia de saber separar os compoñentes dunha mestura		
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Determina os recursos necesarios para a elaboración do proxecto		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Selecciona a información necesaria		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realiza a secuencia das actuacións necesarias para a elaboración do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propón solucións ás incidencias que se poidan producir	TI	100
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións asociadas coa secuencia prevista		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os materiais e reactivos previstos para a execución do proxecto		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resuelve e comunica as incidencias xurdidas durante a execución do proxecto		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> <li>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.</li> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Ao longo do curso levaranse a cabo diferentes proxectos, todos eles relacionados co traballo no laboratorio..

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Cada proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. Ao finalizar cada proxecto cada grupo realizará unha exposición do mesmo ao resto dos compañeiros utilizando distintos medios e soportes.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, establecerase as distintas etapas que deben seguirse na realización dun proxecto e desenvolveranse os seguintes aspectos xerais introducindo o traballo no laboratorio:-

- Normas de seguridade no laboratorio
- Pictogramas de peligrosidade das substancias químicas
- Proxecto de Investigación: diseña un botiquín de primeiros auxilios axeitado para o noso laboratorio, cos elementos que contén e cos orzamentos para adquirilo
- Proxecto de investigación: Investiga que produtos químicos hai no teu fogar, se están correctamente etiquetados cos pictogramas que corresponden. Precaucións e riscos no seu uso e almacenamento.



:  
...

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, exempificaranse e realizaranse as técnicas básicas máis habituais no laboratorio e desenvolverase un pequeno proxecto baseado nelas:

- ¿ Pesada
- ¿ Medición de volumes
- ¿ Medición de temperatura
- ¿ Molienda
- ¿ Uso do mechero Bunsen

Proxecto de investigación: o teu equipo busca, realiza e explica aos compañeiros un experimento sinxelo que utilice algunhas destas técnicas básicas

.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, adicarase a exemplificar e realizar as técnicas fundamentais para a separación de mesturas,

- ¿ Cristalización
- ¿ Decantación
- ¿ Destilación
- ¿ Filtración por gravidade e por baleiro
- ¿ Cromatografía

Proxecto de investigación: separar os componentes dunha mestura sinxela proporcionada polo profesor

Proxecto de investigación: elaborar un xardín químico.

Nestes proxectos, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Matemáticas (cálculo de orzamentos para un botiquín de primeiros auxilios axeitado ao noso laboratorio.)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto, debuxos de materiais de laboratorio e montaxes dos distintos experimentos)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno de laboratorio, material de laboratorio e reactivos

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nun laboratorio de química convenientemente equipado con material de vidro, balanza, axitador magnético e reactivos, con ordenador, canón e pantalla, e encerados tradicionais, dispoñendo o alumnado de mesadas e bancos, nos que se distribúen para o traballo en equipos. Asemade os alumnos dispoñen de batas de laboratorio e gafas de seguridade.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	45	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

**Avaliación:** Valorarase o caderno de laboratorio coas anotacións do alumnado, os informes de experimentos, investigacións e prácticas realizados, o desempeño no laboratorio, a orde e limpeza do posto de traballo, a exactitude e precisión nas medicións e cálculos, o respecto polas normas de seguridade no traballo de laboratorio, a cooperación no grupo de traballo, e a exposición dos proxectos realizados.

**Cualificación:** Coas cualificacións do traballo do alumnado farase unha media aritmética que corresponderá á nota da avaliación. A nota final será a media aritmética das notas entre avaliacións.

#### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere axeitadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento dos proxectos, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados nestes proxectos. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados nos proxectos correspondentes aditas avaliacións.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención no laboratorio, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Publicación dun artigo sobre algún dos proxectos na revista do centro	Difusión informativa de algún dos proxectos realizados.	X		
Exposición de algún dos proxectos ao alumnado de segundo da eso	Exposición e explicación de algún proxecto ao alumnado de física e química de 2º eso no mes de xuño logo da avaliación ordinaria		X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

## **9. Outros apartados**